XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 8 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG-PSOE) contra a Xunta de Galicia, D. Alfonso Rueda Valenzuela e Turgalicia pola publicación do vídeo de Turgalicia "Pídeche Galicia" (RE 415/2024)

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 5 de febreiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia – PSOE (PSdG – PSOE) formaliza unha denuncia (doc. RE 415/2024) na que sinala polo candidato do Partido Popular de Galicia estase a publicar un vídeo "Pídeche Galicia", que segundo recolle o denunciante foi creado pola Xunta de Galicia, a través de Turgalicia, pero non foi publicado nin pola Xunta de Galicia, nin por Turgalicia, senón que en ambos casos fan unha republicación da publicación orixinal feita por D. Alfonso Rueda Valenzuela.

O denunciante finaliza a denuncia considerando que os feitos descritos son sancionables por infracción do disposto no artigo 50.2 da LOREX e na Instrución 2/2011, requirindo a retirada inmediata da publicación do citada vídeo de Turgalicia, realizada polo candidato do Partido Popular de Galicia a imposición da obriga de e a imposición de sancións tendo en conta a reiteración de infraccións.

2. O 6 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias copia da denuncia (RS 1089/ 2024), aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ao representante xeral do PSdG-PSOE (RS 1090/2024).

3. O día 7 de febreiro de 2024, a asesoría xurídica da Xunta de Galicia formulou escrito de alegacións (doc. RE 445/2024), no que aduce que o obxecto da denuncia ven constituído por un vídeo do turismo en Galicia elaborado pola administración autonómica galega. En concreto estamos ante un vídeo que

forma parte da campaña "Pídeche Galicia". Trátase dunha campaña turística que promociona a nosa Comunidade Autónoma "*como lugar de desconexión*".

A Xunta de Galicia leva anos poñendo en marcha campañas de difusión e promoción do destino Galicia e a nova campaña. En concreto para a campaña de primavera 2024, "Pídeche Galicia" o órgano de contratación iniciou o expediente de contratación do contrato baseado no acordo marco o día 29 de novembro de 2023, moito antes do inicio do período electoral.

E conclúe que debe destacarse, polo tanto, e que non estamos ante ningún tipo de vídeo de contido electoralista ou de campaña de logros.

Polo que, entende que non incorre en infracción do establecido no artigo 50.2 da LOREX, dado que se trata dun vídeo de promoción de Galicia como destino turístico, sen ningún tipo de connotación electoralista. Motivo polo que solicita o arquivo da denuncia.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Examinada a denuncia e as alegación presentadas esta Xunta electoral entende que non existe infracción electoral polo motivos que a seguir se detallan:

1º.- O vídeo obxecto da denuncia, como recolle a Xunta de Galicia nas súas alegacións, forma parte da campaña "Pídeche Galicia", campaña de promoción turística en Galicia.

2º.- Non ten contido electoralista nin se recollen alusión a logros nin a actuacións doo goberno galego, a mensaxe e puramente promocional.

3º.-O vídeo denunciado forma parte das Campañas promocionais que veñen realizándose en Galicia dende o ano 2019 con diferentes lemas; "Galicia presenta a túa primavera", "Camiña a Galicia" e "Galicia senta ben"

4º.- O contrato da campaña, como se recollen nas alegacións da Xunta de Galicia, esta baseado no acordo marco do Servizo de elaboración , produción e plan de medios da campaña de promoción dos recursos naturais , culturais e gastronómicos de Galicia, cuxa tramitación iniciouse o 21.11.2022, en concreto o órgano de contratación iniciou o expediente de contratación o día

29 de novembro de 2023 e as eleccións foron convocadas por decreto do 25 de decembro de 2023, publicado o 26 de decembro.

5º.- E por último, en relación a súa difusión polo candidato do partido popular, nas alegacións efectuadas se proba que o mesmo foi posto a disposición dos medios de comunicación e a súa circulación e máxima difusión é un dos seus obxectivos, a publicación non alterou nin transformou o seu contido , polo que se considera que a publicación do vídeo "Pídeche Galicia" polo Sr. Rueda Valenzuela incorrese en infracción electoral.

Á vista do que antecede adoptase o seguinte

ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 18,30 horas do próximo día 10 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal